



Produto interior bruto

NOTA 1: Os datos do PIB correspondentes aos anos precedentes están a sufrir variacións trimestre a trimestre, de xeito que a consulta de edicións anteriores deste Boletín amosa numerosas alteracións de ditos valores. A causa destas modificacións reside en que, nestes intres, os datos anuais de 2021 son aínda provisionais, mentres que os datos anuais de 2022 e 2023 son avance.

Variación interanual porcentual do PIB (índices de volume encadeados, referencia ano 2015=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2018-2023

	% (T/T-4)	2018	2019	2020	2021	2022	2023	1T18	2T18	3T18	4T18	1T19	2T19	3T19	4T19	1T20	2T20	3T20	4T20	1T21	2T21	3T21	4T21	1T22	2T22	3T22	4T22	1T23	2T23	3T23	4T23
Galicia		3,0	1,1	-8,9	7,6	4,1	1,8	2,9	3,5	2,4	3,3	2,3	1,0	0,6	0,7	-4,6	-18,5	-6,5	-6,0	-0,7	18,8	6,8	7,1	6,4	5,6	2,7	1,9	3,2	1,6	0,9	1,8
España		2,3	2,0	-11,2	7,0	5,8	2,5	2,6	2,2	2,1	2,2	2,4	2,2	1,9	1,5	-4,6	-21,7	-9,2	-9,2	-3,6	19,4	5,1	7,0	6,8	7,2	5,4	3,8	4,1	2,0	1,9	2,0

Fuentes: INE (Contabilidade Nacional Trimestral), IGE (



O PIB galego no cuarto trimestre de 2023 medrou en 0,8 puntos porcentuais respecto do terceiro, o que o levou a un incremento de 1,8 puntos en termos interanuais, en liña co que se previra nos dous casos. O PIB en España para o mesmo período medrou en 0,6 puntos porcentuais respecto do trimestre anterior e, en termos interanuais, a variación do PIB español se sitúa no 2,0%, de novo en liña coas previsións. O crecemento anual da economía galega en 2023 pasa a ser do 1,8%, mentres que o da española acadou o 2,5%.

O Gráfico 1, que amosa a evolución da variación porcentual do PIB interanual, reflicte que, logo de que a pandemia alterase a evolución do crecemento económico dun xeito extremo -con fortes caídas do PIB interanual durante cinco trimestres consecutivos, e incrementos tamén superiores ao habitual durante os oito trimestres seguintes- desde o segundo trimestre de 2023 os valores do incremento do PIB tanto en Galicia como en España están a ser comparables aos que se estaban a producir nos trimestres previos á chegada do Covid-19. O Gráfico 2, que recolle a evolución do índice de volume encadeado en termos absolutos, indica que as recuperacións dos volumes de actividade das economías galega e española acadáronse na metade de 2021 e na de 2022, respectivamente, e que as dúas economías continúan coa súa tendencia ascendente.

As previsións avanzadas para o primeiro trimestre de 2024 recollen un 0,7% de suba do PIB en España respecto do derradeiro trimestre de 2023 e un incremento do 2,4% en termos interanuais. Ao peche deste Boletín aínda non están dispoñibles as previsións para Galicia neste período.

Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación media á Seguridade Social

Nota 2: Desde o 19.04.2024 a EPA incorpora as cifras do Censo de Población y Viviendas de 2021, motivo polo que se actualizaron os datos dos anos 2021, 2022 e 2023 coa base poboacional 2021.

Valores Poboación Activa Galicia-España, 1º Trimestre 2024

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferenza	Porcentaxe	Diferenza	Porcentaxe
Galicia	1.259,3	8,5	0,7	21,1	1,7
España	24.227,9	-22,7	-0,1	407,3	1,7

Fuente: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

A Encuesta de Población Activa (EPA) do primeiro trimestre de 2024 recolle o aumento da **poboación activa** galega en 8.500 persoas (o 0,7%) respecto do anterior, dato que contrasta coa diminución nunha décima rexistrada en España no mesmo período (-22.700 persoas). Con respecto do primeiro trimestre de 2023 tanto a poboación activa galega como a española incrementáronse no 1,7%.


O número de persoas ocupadas en Galicia reduciuse en -8.100 respecto das rexistradas no pasado trimestre (o -0,7%), diminución en liña coa media española, logo de que a ocupación en España caera en -139.700 persoas. Respecto do primeiro trimestre de 2023 producíronse incrementos tanto en Galicia, onde as persoas ocupadas aumentaron en 24.400 (o 2,2%) como en España, onde o fixeron en 615.800 (o 3,0%). Estes datos levan a taxa de ocupación en Galicia no primeiro trimestre de 2024 ata o 47,3%, taxa inferior en sete décimas de punto porcentual á do trimestre anterior e inferior en máis de catro puntos porcentuais á taxa do 51,4% rexistrada en España no mesmo período, co que o diferencial da taxa de ocupación Galicia-España medrou en catro décimas respecto do trimestre anterior.

Para rematar coa análise da EPA do primeiro trimestre de 2024, e no que atinxe ao número de persoas en paro en Galicia, produciuse un aumento do paro no trimestre de 16.700 persoas, o que supuxo un fortísimo incremento do 14,5% en termos porcentuais, mentres que o aumento do número de persoas en paro en España foi de 117.000 persoas (crecemento do 4,1%). Na comparación co sucedido fai catro trimestres, o paro diminuíu en Galicia en termos interanuais en -3.400 persoas, que representan unha diminución do paro do -2,5% nos últimos catro trimestres, diminución moi inferior ao descenso en España, que foi do -6,5%. Estes datos levan a taxa de paro en Galicia ao 10,5% mentres que a española pasou a ser do 12,3%.

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 1º Trimestre 2024

1T24	Mes actual			variación mes anterior			% variación mes anterior			variación mes ano anterior			% variación mes ano anterior		
	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo
TOTAL	131.101	130.583	129.011	1.597	-518	-1.572	1,2%	-0,4%	-1,2%	-13.947	-13.509	-12.836	-9,6%	-9,4%	-9,0%
Homes	55.140	54.955	54.659	429	-185	-296	0,8%	-0,3%	-0,5%	-5.334	-5.084	-4.199	-8,8%	-8,5%	-7,1%
Mulleres	75.961	75.628	74.352	1.168	-333	-1.276	1,6%	-0,4%	-1,7%	-8.613	-8.425	-8.637	-10,2%	-10,0%	-10,4%
<30 anos	14.503	14.669	14.397	195	166	-272	1,4%	1,1%	-1,9%	-1.903	-1.956	-2.173	-11,6%	-11,8%	-13,1%
entre 30 e 44 anos	37.280	36.877	35.976	747	-403	-901	2,0%	-1,1%	-2,4%	-6.011	-5.792	-5.375	-13,9%	-13,6%	-13,0%
>44 anos	79.318	79.037	78.638	655	-281	-399	0,8%	-0,4%	-0,5%	-6.033	-5.761	-5.288	-7,1%	-6,8%	-6,3%
Agricultura e Pesca	4.321	4.252	4.184	-65	-69	-68	-1,5%	-1,6%	-1,6%	-488	-487	-464	-10,1%	-10,3%	-10,0%
Industria	12.909	12.785	12.729	-171	-124	-56	-1,3%	-1,0%	-0,4%	-2.142	-1.995	-1.734	-14,2%	-13,5%	-12,0%
Construción	8.907	8.759	8.725	-51	-148	-34	-0,6%	-1,7%	-0,4%	-1.240	-1.305	-1.088	-12,2%	-13,0%	-11,1%
Servizos	93.681	93.300	91.790	2.006	-381	-1.510	2,2%	-0,4%	-1,6%	-9.742	-9.281	-8.844	-9,4%	-9,0%	-8,8%
Sen emprego anterior	11.283	11.487	11.583	-122	204	96	-1,1%	1,8%	0,8%	-335	-441	-706	-2,9%	-3,7%	-5,7%

Fuente: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Emprego e Igualdade Xunta de Galicia



trimestre. Respecto do primeiro trimestre de 2023 esa diminución é de preto dun punto, xa que ao remate de aquel trimestre o paro feminino rexistrado era o 58,5% do total.

Se atendemos á evolución en función do grupo de idade respecto do trimestre anterior, ao remate do primeiro trimestre de 2024 o paro rexistrado para os menores de trinta anos aumentou nestes tres meses e diminuíu para os maiores desa idade, con aumentos para todos os grupos en Xaneiro e diminucións para todos os grupos en Marzo. Se facemos a comparación co que sucedera no primeiro trimestre de 2023, en termos porcentuais o descenso do paro rexistrado acelerouse mes a mes para os menores de 30 mentres que para os maiores desa idade a tendencia foi a contraria. No que atinxe ao tamaño desa redución vese que, ao remate do período, a redución superou o -13% tanto para os menores de 30 como para as persoas rexistradas como paradas de entre 30 e 44 anos, mentres que entre as persoas de 45 ou máis anos -o grupo máis numeroso- a redución foi moito menor ao ficar por riba do -6%. En todos os grupos de idade a redución interanual do paro rexistrado foi maior que a redución interanual de fai tres meses.

Para rematar coa análise do paro rexistrado, a evolución mes a mes nos distintos sectores de actividade foi a que ven sendo típica do primeiro trimestre: reducións mes a mes nos sectores primarios, na industria e na construción, incremento do paro rexistrado en Xaneiro no sector servizos con reducións posteriores -e máis cativas- en Febreiro e Marzo e a tendencia oposta -redución en Xaneiro con incrementos en Febreiro e Marzo- entre o colectivo de persoas sen emprego anterior. En termos interanuais houbo reducións en cada mes para cada sector, con diminucións de dous díxitos en cada mes para os sectores primarios, a industria e a construción mentres que as do sector servizos movéronse na contorna do -9%. A redución interanual de persoas en paro sen emprego anterior foi máis cativa pero con tendencia ao alza logo de pasar de estar por baixo do -3% en Xaneiro a ficar preto do -6% en Marzo.

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 1º Trimestre 2024

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre año anterior	% Var. trimestre año anterior
1T2024	152.343	-18.151	-10,6%	-2.717	-1,8%
Homes	79.845	-5.268	-6,2%	-839	-1,0%
Mulleres	72.498	-12.883	-15,1%	-1.878	-2,5%
<30 anos	49.150	-8.154	-14,2%	1.265	2,6%
entre 30 e 44 anos	57.767	-4.989	-7,9%	-3.626	-5,9%
>44 anos	45.426	-5.008	-9,9%	-356	-0,8%
Indefinido	53.898	946	1,8%	-4.061	-7,0%
Temporal	97.184	-17.225	-15,1%	3.378	3,6%
Prácticas / Formación	1.028	-1.794	-63,6%	182	21,5%
Outros	233	-78	-25,1%	-2.216	-90,5%
Agricultura e Pesca	5.008	97	2,0%	-185	-3,6%
Industria	24.658	-215	-0,9%	-1.997	-7,5%
Construción	7.447	1.785	31,5%	-1.546	-17,2%
Servizos	115.230	-19.818	-14,7%	1.011	0,9%

Fonte: Boletín Mensual de Contratación , Consellería de Emprego e Igualdade

é menor do que era no trimestre pasado (o -6% daquela). Este é o oitavo trimestre consecutivo no que diminúe a contratación en termos interanuais.

Con respecto á distribución por sexos dos novos contratos, no primeiro trimestre de 2024 os novos contratos asinados por homes foron o 52,5% do total. Isto supuxo unha redución dos novos contratos a homes superior ao -6% mentres que os das mulleres reducíronse en máis do -15% por segundo trimestre consecutivo. En comparación cos datos do primeiro trimestre de 2023 a redución de novos contratos asinados foi cativa para os dous sexos pero un pouco superior no caso das mulleres.

Por rangos de idade a redución da nova contratación foi de novo máis intensa entre as persoas menores de 30 anos e foron o único grupo de idade para quen os novos contratos diminuíron por riba da redución media. Porén, na comparación co que ocorrera fai catro trimestres, o número de novos contratos asinados por menores de 30 anos aumentou, mentres que os asinados por persoas de 45 ou máis anos mantivéronse case constantes (redución de menos dun -1%) e se reduciron en preto do -6% os novos contratos asinados por persoas de entre 30 e 44 anos.

Os distintos sectores de actividade amosaron un comportamento moi dispar respecto do derradeiro trimestre de 2023. Mentres que a contratación en servizos -con moito a máis numerosa- reduciuse en preto do -15%, a nova contratación na construción medrou por riba do 30% e, pola súa banda, os rexistros para a industria (-0,9%) e o sector primario (2%) amosaron variacións pouco significativas. Todas son tendencias habituais nun primeiro trimestre. Pola contra, se comparamos co que sucedera no primeiro trimestre de 2023, o sector servizos foi o único no que medrou a contratación, aínda que fose de xeito cativo (menos do 1%), mentres a contratación na construción amosa unha redución por riba do -17%, a industria máis do -7% e agricultura/pesca reduciuse preto do -4%, todas elas reducións superiores á redución media rexistrada.

Para rematar co análise da contratación, e segundo o tipo de contrato asinado, todos os tipos viron o seu número diminuír respecto do trimestre anterior excepto os contratos indefinidos, que aumentaron en preto do 2% tras dous trimestres de baixa. Todas as reducións rexistradas superaron a redución media e destaca pola súa intensidade a redución en novos contratos de prácticas/formación, que baixou en preto de dous terzos respecto do que sucedera no cuarto trimestre de 2023. En comparación co que sucedeu fai catro trimestres as tendencias foron diferentes, logo de que se producise unha caída do -7% na sinatura de novos contratos indefinidos e aumentasen os temporais en preto do 4%. Tamén houbo diferenza no que sucedeu nos contratos de prácticas/formación, que medraron con intensidade mentres que se reduciron con aínda maior intensidade os da categoría Outros (-90%).

	Afiliação media mensual 1º trimestre 2024 Galicia-España			Variacións											
				mes anterior						interanual					
				absoluta			relativa			absoluta			relativa		
	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo	xaneiro	febreiro	marzo
Galicia	1.050.530	1.055.018	1.061.595	-11.752	4.488	6.577	-1,11%	0,43%	0,62%	19.793	19.194	18.064	1,92%	1,85%	1,73%
España	20.604.761	20.708.382	20.901.967	-231.250	103.621	193.585	-1,11%	0,50%	0,93%	523.537	538.239	525.414	2,61%	2,67%	2,58%


Fonte: IGE Informe de afiliación á Seguridade Social (segundo datos do Ministerio de Emprego e Seguridad Social)

Os Boletíns mensuais do paro rexistrado indican que o **paro rexistrado** no primeiro trimestre de 2024 reduciuse no -0,3% (-493 persoas) respecto do trimestre pasado. Respecto do primeiro trimestre de 2023 rexistrouse unha redución do -9,0% (-12.836 persoas), redución superior nunha décima á que se produciu ao remate do trimestre anterior. Así, o *Gráfico 3*, -que amosa a evolución da porcentaxe de variación interanual do paro rexistrado, e no cal os meses dos primeiros trimestres aparecen sinalados na cor laranxa- indica que o paro rexistrado leva 36 meses consecutivos de redución interanual e que o ritmo desa redución aumentou respecto á do trimestre anterior logo de que se mantivese entre o -9% e o -10% mes a mes, acadando o seu máximo en Xaneiro e diminuindo levemente en Febreiro e Marzo.

Por sexos, o trimestre péchase sen grandes variacións, cunha redución na diferenza entre o número de mulleres rexistradas como paradas respecto do de homes de preto de 400 persoas, o que leva a diferenza en termos absolutos a menos de 20.000. En termos porcentuais isto supón que se reduza a porcentaxe de mulleres no total de persoas rexistradas como paradas, ao ficar no 57,6% fronte ao 57,8% co que se pechou o pasado trimestre, xa que ao remate de aquel trimestre o paro feminino

No que atinxe á **contratación**, e logo de que o Real Decreto-Lei 32/2021 tivese nun primeiro momento un gran impacto a través da aplicación das novas modalidades de contratación -de xeito sobranceiro a través da chegada dos novos contratos fixos descontinuos, que provocou un importante aumento da contratación indefinida e unha redución paralela da contratación temporal e dos cualificados como Outros- logo de transcorridos dous anos dito impacto está xa a verse matizado na serie de datos.

As edicións do *Boletín mensual da contratación* para os tres primeiros meses de 2024 indican que se asinaron un total de 152.343 novos contratos, que supoñen unha diminución da contratación respecto do trimestre previo superior ao -10%. En termos interanuais a contratación reduciuse en preto do -2%, o que significa que a diferenza entre catro trimestres



datos o diferencial da taxa de incremento interanual con respecto ao rexistrado fai tres meses medrou nunha décima ata os 0,85 puntos porcentuais.

Sinistralidade

Total de accidentes con baixa en xornada laboral por sectores de actividade en Galicia (Xaneiro-Decembro 2022/2023)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2022	2023	% Var	2022	2023	% Var	2022	2023	% Var	2022	2023	% Var
Agricultura	1.144	1.148	0,3	37	24	-35,1	2	7	250,0	1.183	1.179	-0,3
Pesca	677	673	-0,6	33	30	-9,1	25	3	-88,0	735	706	-3,9
Industria	6.539	6.972	6,6	74	67	-9,5	11	8	-27,3	6.624	7.047	6,4
Construción	3.995	4.148	3,8	104	103	-1,0	8	10	25,0	4.107	4.261	3,7
Servizos	12.911	13.919	7,8	151	140	-7,3	21	22	4,8	13.083	14.081	7,6
Total	25.266	26.860	6,3	399	364	-8,8	67	50	-25,4	25.732	27.274	6,0

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade. ISSGA.

Índice de incidencia por sectores de actividade e gravidade. Galicia (Xaneiro-Decembro 2022/2023)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2022	2023	% Var	2022	2023	% Var	2022	2023	% Var	2022	2023	% Var
Agricultura	3.407,9	3.488,3	2,4	110,2	72,9	-33,8	6,0	21,3	256,9	3.524,1	3.582,5	1,7
Pesca	3.896,4	3.976,4	2,1	189,9	177,3	-6,7	143,9	17,7	-87,7	4.230,2	4.171,4	-1,4
Industria	4.501,9	4.756,8	5,7	51,0	45,7	-10,3	7,6	5,5	-27,9	4.560,4	4.807,9	5,4
Construción	5.046,0	5.152,0	2,1	131,4	127,9	-2,6	10,1	12,4	23,0	5.187,4	5.292,3	2,0
Servizos	1.723,3	1.841,3	6,8	20,2	18,5	-8,1	2,8	2,9	3,9	1.746,2	1.862,7	6,7
Total	2.466,0	2.600,6	5,5	38,9	35,2	-9,5	6,5	4,8	-26,0	2.511,5	2.640,6	5,1

Fonte: Consellería de Emprego e Igualdade. ISSGA.

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España (Xaneiro-Decembro 2023)

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	30	-11	12.393	1.912	19.628	-21.914
España	777	98	294.750	101.999	987.955	278.857

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Trabajo e Economía Social

(datos provisionais - non inclúen folgas xerais)

folgas reduciuse no -22%, mentres que o de participantes medrou por riba do 13%, sen que este incremento no número de persoas traballadoras en folga non se viu acompañado dun aumento no número de xornadas non traballadas, xa que se reduciron no período en máis do -52%. En España todos os valores destes parámetros indican un incremento da conflitividade: o número de folgas medrou nun 11% e o número de persoas traballadoras participantes nelas o fixo en máis do 25%, mentres que as xornadas non traballadas medraron aínda máis logo de alcanzar un incremento do 22% fronte ao acontecido en 2022.

Expedientes de Regulación de Empleo

Número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego. Galicia-España Xaneiro-Decembro 2022-2023

	TOTAL		DESPEDIMIENTOS COLECTIVOS				SUSPENSIÓN DE CONTRATOS				REDUCCIÓN DE XORNADAS			
	Valores absolutos	Variación respecto ano anterior	Valores absolutos	Variación respecto ano anterior	En %	En %	Valores absolutos	Variación respecto ano anterior	En %	En %	Valores absolutos	Variación respecto ano anterior	En %	En %
Galicia	14.852	-6.167	-29%	1.378	509	59%	12.903	-6.046	-32%	571	-630	-52%		
España	181.139	-113.563	-39%	36.505	12.290	51%	135.718	-100.596	-43%	8.916	-25.257	-74%		

Estadística de expedientes de regulación de empleo. Ministerio de Trabajo e Economía Social

Se atendemos á evolución dos ERE por tipo de expediente advírtese que, en contra da tendencia principal sinalada no parágrafo anterior, os despedimentos colectivos aumentaron con forza en Galicia (o 59%) e en España (o 51%), aumento que mesmo se acelerou no cuarto trimestre de 2023, e foron os ERE de redución de xornadas (-52% en Galicia e -74% en España) e, sobre todo, os de suspensión de contratos -por ser estes últimos os que afectan á meirande parte dos traballadores en ERE- os principais responsables da diminución de persoas traballadoras afectadas por este expedientes.

Custos laborais e salariais

A *Encuesta Trimestral de Coste Laboral* elaborada polo INE para o cuarto trimestre de 2023 sitúa o valor medio do custo laboral por persoa traballadora e mes en Galicia en 2.821,09 €/mes, valor que supera no 4,2% ao rexistrado fai catro trimestres. En comparación, o custo laboral medrou en España

A **afiliación media** en Galicia pecha o primeiro trimestre de 2024 cunha redución no número de afiliacións de menos de setecentas persoas respecto da afiliación media rexistrada ao remate do trimestre anterior, logo de que diminuíra a afiliación por riba do -1% no mes de Xaneiro e os incrementos de Febreiro e Marzo non foran quen de compensar dita caída, no que constitúe un comportamento habitual no trimestre. A afiliación media en España seguiu un patrón similar, aínda que neste caso o balance para o trimestre foi positivo, cun incremento trimestral da afiliación media de preto de 66.000 novas persoas afiliadas.

O *Gráfico 4* recolle a variación porcentual mes a mes da afiliación media en termos interanuais. Pódese apreciar como a afiliación media segue a incrementarse en Galicia en termos interanuais e acadou 36 meses consecutivos de crecemento. Con respecto á rexistrada ao peche de 2023, a afiliación media interanual amosa unha desaceleración no seu crecemento de preto de dúas décimas, mentres que en España a tendencia foi a mesma pero a desaceleración rexistrada nestes tres meses para a afiliación media interanual foi de menos dunha décima. Con estes

Custos laborais e salariais. Galicia. 2017-2023

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2017	2.288,9	1,8	17,7	1,4	1.687,4	1,4	13,0	1,6
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
2019	2.403,1	3,9	18,7	4,2	1.812,2	5,9	13,7	4,6
2020	2.361,9	-1,7	19,6	4,8	1.738,8	-4,1	14,3	4,4
2021	2.476,7	4,9	19,6	0,1	1.823,0	4,8	14,5	0,0
2022	2.551,1	8,0	19,8	1,0	1.888,8	3,6	14,7	2,8
2023	2.670,7	4,7	20,8	5,1	1.952,5	3,4	15,2	3,7

1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.258,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0
4T17	2.427,6	3,6	19,0	3,8	1.825,5	3,8	14,3	4,0
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5
1T19	2.318,0	3,2	17,3	1,8	1.863,0	3,2	12,4	1,8
2T19	2.400,3	4,3	18,4	7,0	1.777,0	4,6	13,6	9,6
3T19	2.360,5	2,8	19,2	3,7	1.712,7	2,8	14,0	3,7
4T19	2.533,5	4,8	19,8	4,2	1.896,2	4,4	14,8	3,9
1T20	2.324,5	0,3	18,0	4,0	1.693,3	1,8	13,1	5,6
2T20	2.264,8	-5,6	20,6	11,9	1.668,8	-6,1	15,2	11,4
3T20	2.307,8	-1,8	19,3	0,3	1.693,4	-1,1	14,2	1,0
4T20	2.550,5	0,7	20,4	3,3	1.899,9	0,2	15,2	2,8
1T21	2.324,3	0,0	18,4	2,3	1.690,7	-0,2	13,4	2,1
2T21	2.495,4	10,2	19,5	-5,4	1.853,0	11,0	14,5	-4,7
3T21	2.422,3	5	19,5	0,9	1.765,0	4,2	14,2	0,1
4T21	2.664,8	4,5	21,1	3,4	1.983,4	4,4	15,7	3,4
1T22	2.427,5	4,4	18,3	-0,5	1.765,3	4,4	13,3	-0,5
2T22	2.573,7	3,1	19,7	1,1	1.918,9	3,6	14,7	1,5
3T22	2.497,3	3,1	20,2	3,6	1.835,1	-1,0	14,8	4,3
4T22	2.706,4	1,6	21,1	0,1	2.036,0	2,7	15,9	1,3
1T23	2.556,1	5,3	19,0	4,0	1.848,2	4,7	13,8	3,4
2T23	2.686,9	4,4	20,5	4,2	1.964,9	2,4	15,0	2,2
3T23	2.618,8	4,9	21,1	4,5	1.901,2	3,6	15,3	3,3
4T23	2.821,1	4,2	22,6	6,8	2.095,8	2,9	16,8	5,5

Fonte: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

nun 5,0% logo de acadar os 3.145,99 €/mes. Con estes datos o custo laboral en Galicia foi inferior no -10,3% ao da media española e o diferencial entre Galicia e España medrou en oito décimas de punto porcentual respecto do trimestre pasado.

O custo salarial en Galicia superou por segunda vez na serie histórica os dous mil euros/mes, logo de que no derradeiro trimestre de 2023 se incrementase nun 2,9% en termos interanuais e acadase os 2.095,82 €/mes. Pola súa banda, o custo salarial por persoa traballadora e mes en España medrou nun 4,0% interanual no trimestre, logo de ficar nos 2.359,98 €/mes, de xeito que a diferenza entre o custo salarial por persoa traballadora en Galicia respecto a España rexistrou un aumento dun punto porcentuais ata ficar no -11,2%.

Os custos laborais e salariais por hora efectiva rexistrados no cuarto trimestre medraron respecto aos do cuarto trimestre de 2022 en 6,8 e 5,5 puntos porcentuais respectivamente. No caso de España medraron tamén, aínda que en porcentaxes inferiores (o 6,1% os custos laborais e o 5,1% no caso dos custos salariais). Os incrementos porcentuais dos custos por hora efectiva, tanto laborais como salariais, fican por riba dos incrementos porcentuais rexistrados por persoa traballadora e mes tanto en Galicia como en España.

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 1º Trimestre 2024

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	1.255	85.217,5	350	129,5%	45	39,2%
Sociedades que ampliaron capital	325	152.604,6	91	76,0%	19	69,0%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

Os datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME) para o primeiro trimestre de 2024 recollen que o número de novas sociedades aumentou respecto do rexistrado no trimestre anterior en máis dun 21% e o fixo respecto do primeiro trimestre de 2023 en preto do 4%. No que respecta á contía dos capitais invertidos se produciu un aumento de consideración con respecto dos dous períodos de referencia (preto do 130% e do 40% respectivamente) incrementos superiores nos

dous casos aos xa mencionados do número de empresas constituídas. En total, no ano 2023 constituíronse 3.966 novas sociedades mercantís -preto dun 5% máis que en 2022- e o capital invertido nesas novas sociedades ficou preto dos 180 millóns de euros, o que supuxo unha diminución de case que un -5% respecto ao ano anterior.

O número de sociedades que ampliaron capital tamén medrou respecto do cuarto trimestre e fíxoo nunha porcentaxe aínda maior (preto do 39%) ao do número de sociedades constituídas. Respecto do primeiro trimestre de 2023 o número de sociedades tamén medrou, neste caso en pouco máis do 6%. Se atendemos ao capital ampliado este aumentou con respecto dos períodos de referencia de xeito destacado logo de medrar no 76% respecto do trimestre pasado e o 69% con respecto ao que acontecera fai catro trimestres. No ano 2023 ampliaron capital 1.007 sociedades mercantís, preto dun -8% menos respecto das que o fixeron en 2022. O capital invertido nesas ampliacións reduciuse en máis dun -12% con respecto ao invertido en 2022.

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 1º Trimestre 2024

	1T24	4T23	1T23
Sociedades disolvidas	559	364	547
Sociedades que reducion capital	96	67	82
Sociedades en situación concursal	60	71	52

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

O número de empresas disolvidas volveu a se incrementar por segundo trimestre consecutivo, e o fixo dun xeito importante, cun aumento no número de empresas disolvidas do 53%, aumento que tamén se produciu na comparación co primeiro trimestre de 2023, aínda que de xeito moito máis modesto (o 2%). Pola súa banda, o número de sociedades que reducion capital medrou respecto o do derradeiro trimestre de 2023 en máis do 43% e tamén o fixo respecto do que sucedeu fai catro trimestres, aínda que nunha porcentaxe inferior (o 17%).

Para rematar coa análise das sociedades mercantís, o número de empresas que foron a concurso de acredores diminuíu por riba do -15% respecto do trimestre anterior pero medrou en idéntica porcentaxe en comparación co que sucedera no primeiro trimestre de 2023. Rexistráronse cinco procesos de escisión de empresas, un menos que no trimestre anterior e tres menos que no primeiro trimestre do pasado ano, mentres que os procesos de fusión ficaron en 21 fronte aos 17 do segundo trimestre do ano e os 27 de fai catro trimestres.

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Durante o primeiro trimestre de 2024, e dentro da súa función consultiva, a Comisión Delegada de Ditames emitiu catro ditames sobre normativa laboral autonómica, sete menos dos emitidos durante o mesmo trimestre de 2023.

Polo que atinxe á súa función de apoio á negociación colectiva a través da xestión de procedementos de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo, dicir que durante o primeiro trimestre deste ano tiveron entrada no AGA 41 solicitudes de expedientes de mediación ou arbitraje, tres menos das que foron recibidas no 2023. Entre as 24 mediacións e arbitrxes aceptadas polas partes e rematadas ao longo do período sinalado (5 menos que no primeiro trimestre de 2023), a porcentaxe delas que finalizaron con acordo ficou no 75%. Así mesmo, durante 2023 proseguíu a actividade de mesas negociadoras e comisións paritarias de sector nas que o Consello proporciona apoio e asistencia, de xeito que ao remate do ano tiveron lugar na sede do Consello 16 xuntanzas de comisións negociadoras, paritarias, de prevención de riscos laborais e grupos de traballo que afectaron a 7 Convenios colectivos de sector.

Para rematar, e dentro da nosa función no fomento do debate social no eido das relacións laborais, neste trimestre tivo lugar en Vigo a xornada sobre “Os permisos de conciliación na vida familiar e laboral” organizada en colaboración coa Universidade de Vigo, así como un seminario destinado a cadros sindicais e empresariais e dedicado ao rexistro de acordos na plataforma online Regcon.